

A natureza indefinida de carácter descontinuo  
dos traballadores do servizo de prevención  
e extinción de incendios. A propósito dunha  
sentenza do Tribunal Supremo do  
22 de setembro de 2011

*The intermittent nature of workers in the prevention  
and firefighting service: a case study of a Judgment of the  
Supreme Court of 22 September 2011*



LUIS FERNANDO DE CASTRO MEJUTO

Maxistrado especialista da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e doutor en Dereito

## Resumo

Este comentario trata dunha recente sentenza do Tribunal Supremo que casou outra procedente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en que se determina que os traballadores que prestan servizos a través das empresas públicas que xestionan as competencias autonómicas en materia de prevención e extinción de incendios –neste suposto, a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos (SEAGA)– están unidos a elas non por contratos temporais de obra ou servizo, senón por outros por tempo indefinido de carácter discontinuo.

**Palabras chave:** contrato de obra ou servizo determinados, traballador indefinido discontinuo, prevención e extinción de incendios.

## Abstract

*This paper is about a recent judgment of the Supreme Court who has quashed another from the High Court of Justice of Galicia and determines that employees who provide services through state-owned companies managing autonomic competences in prevention and firefighting [in this case, the Public Company of Agricultural Service (SEAGA)], are linked to those not by temporary employment contracts for work or service, but by others for intermittent employment.*

**Keywords:** *employment contract for work or service, intermittent employment worker, prevention and firefighting.*

1. A Sentenza do Tribunal Supremo do 22 de setembro de 2011 foi ditada no recurso para a unificación da doutrina 12/11 contra a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 5 de novembro de 2011, que pola súa vez se ditara para resolver un recurso de suplicación previo contra outra sentenza do Xulgado do Social n.º 3 de Ourense. Nela procedeuse a dar un paso adiante na consideración do persoal dos servizos de brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais na nosa comunidade –con doutrina extensible a calquera empresa pública que xestionar as competencias autonómicas na devandita materia– como traballadores indefinidos descontinuos, e este cambio xurisprudencial consolidouse con diversas sentenzas do mesmo tribunal<sup>1</sup> que veñen estender esta doutrina sobre calquera empresa pública con similares características á aquí axuizada.

Para advertir en que consistiu o cambio xurisprudencial e o miolo da cuestión, é preciso delimitarmos cunhas pinceladas cal foi o marco fáctico, a saber:

- a) O traballador demandante prestaba servizos como peón para a demandada, que era a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos SA<sup>2</sup> (a partir de agora, SEAGA), a través dun contrato de obra ou servizo determinados que se vinculaba cunha encomenda de xestión atribuída pola Xunta de Galicia á empresa para o servizo de prevención e defensa contra incendios forestais (a partir de agora, SPDCIF).
- b) A devandita encomenda facíase anualmente.
- c) Nunha determinada data, decembro de 2009, comunicaselle a fin da obra.
- d) A empresa SEAGA ten como obxecto social todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestacións de servizos en materia forestal, especialmente as relacionadas coa prevención e a loita contra os incendios forestais.

<sup>1</sup> Entre outras moitas, por exemplo, as sentenzas do Tribunal Supremo do 27 de setembro de 2011, recurso de casación para a unificación da doutrina 3135/10; 27 de setembro de 2011, recurso de casación para a unificación da doutrina 3985/10; 27 de setembro de 2011, recurso de casación para a unificación da doutrina 4095/10; 28 de novembro de 2011, recurso de casación para a unificación da doutrina 1157/2011; 16 de febreiro de 2012, recurso de casación para a unificación da doutrina 2537/11; 22 de febreiro de 2012, recurso de casación para a unificación da doutrina 2537/11; 12 de marzo de 2012, recurso de casación para a unificación da doutrina 2152/11; 3 de abril de 2012, recurso de casación para a unificación da doutrina 2152/11; 24 de abril de 2012, recurso de casación para a unificación da doutrina 2260/11. En Galicia tamén comezaron a adaptarse a este criterio as resolucións do Tribunal Superior de Xustiza. Por todas, véxanse as sentenzas do 19 de decembro de 2011, recurso 4096/11; e 9 de maio de 2012, recurso 1161/12.

<sup>2</sup> O seu sitio web ten o enderezo <[http:// www.epseaga.com](http://www.epseaga.com)>.

e) A SEAGA traballa mediante encomendas de xestión da Consellería do Medio Rural (Xunta de Galicia).

f) A demanda de despedimento foi estimada parcialmente e este declarouse improcedente.

g) Recorrida a sentenza de instancia ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola SEAGA, revogouse e desestimouse a demanda por despedimento do traballador, polo que se validou a extinción por fin de obra.

h) Esta última sentenza foi recorrida en casación para a unificación da doutrina, por causa do cal se dita a sentenza que agora se está a comentar.

2. A cuestión que se debate nesta interesante sentenza é a natureza dos servizos prestados polos traballadores dos SPDCIF non directamente ás comunidades autónomas, senón a través das empresas públicas creadas por estas para a realización de encomendas, acordadas polos correspondentes gobernos autonómicos e articuladas –para os traballadores que son empregados– como se de contratos temporais de obra ou servizo determinados se tratase, limitando a duración do contrato á da encomenda.

Con todo, nun paso cara á protección dos dereitos dos traballadores, o Alto Tribunal vén considerar fraudulento este modo de actuación, pois entende que as devanditas encomendas son cíclicas e a figura que debería empregarse é a do contrato indefinido de carácter discontinuo. De feito, tras constatar a existencia da contradición, declara que a doutrina correcta é a contida na sentenza de contraste achegada polo recorrente, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Aragón do 15 de decembro de 2003 (recurso 1057/03), que establecía o seguinte: «O servizo de prevención e extinción de incendios forestais forma parte da actividade permanente e habitual que é propia da empresa pública que o ten encomendado, e trátase, ademais, dunha necesidade que todos os anos se mostra e repite ciclicamente no tempo, aínda que non coincidan con exactitude as datas. Chégase á conclusión de que existe un contrato indefinido de carácter discontinuo, posto que se produce unha necesidade de traballo de carácter intermitente ou cíclico, ou o que é igual, en intervalos temporais separados mais reiterados no tempo e dotados dunha certa homoxeneidade».

Sobre esta base argumental, sostense que a solución agora adoptada xa se mantiña desde había varios anos<sup>3</sup> e que vén dar un xiro a unha antiga doutrina<sup>4</sup> en que se interpretaba que as actividades –análogas á agora axuizada– consistían «na realización de obra ou servizo determinados con autonomía e substantividade propia dentro da actividade da empresa (referida neste caso, como xenericamente indica o seu propio nome, á conservación da natureza). É claro, ademais, que a súa execución non é ilimitada no tempo, mais si de duración en principio incerta. Non se descoñece a reiteración con que o feito do incendio forestal se produce na época estival de cada ano, mais iso non é suficiente para fundamentar a estimación de que se está ante unha contratación de carácter fixo, periódico e descontinuo».

Para fundamentar esta postura agora abandonada achegábanse tres argumentos: (a) o feito da dependencia orzamentaria do organismo demandado, de modo que só poderá proporcionar a cobertura necesaria para a vixilancia e extinción dos incendios en función das súas dispoñibilidades de tal orde, que poden diferir dun ano a outro; (b) poden tamén variar as planificacións anuais, cos seus concretos e obxectivos específicos, para atender as características de cada tempada; e (c) a propia natureza do traballo que cómpre desenvolver, que é para cada período concreto, e non con carácter permanente.

Na xustificación do cambio de criterio empréganse argumentos xa coñecidos sobre a definición dos traballos de obra ou servizo determinados e a súa diferenciación con respecto aos indefinidos descontinuos, e faise fincapé sobre a propia configuración da empresa pública no Decreto autonómico 260/2006, do 28 de decembro (DOG do 18 de xaneiro de 2007). Así, esta créase como un medio de xestión ou execución das funcións propias de Galicia, que lle corresponden en exclusiva, particularmente das previstas no artigo 27.10 do Estatuto de autonomía, que di isto: «No marco deste estatuto corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias:... 10. Montes, aproveitamentos forestais, vías pecuarias e pastos sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución».

<sup>3</sup> Cítanse como precedentes as sentenzas do Tribunal Supremo do 6 de marzo de 2007, recurso de casación para a unificación da doutrina 409/06; e 14 de marzo de 2003, recurso de casación ordinaria 78/02.

<sup>4</sup> Cítanse as sentenzas do Tribunal Supremo do 10 de xuño de 1994, recurso de casación para a unificación da doutrina 276/94; 3 de novembro de 1994, recurso de casación para a unificación da doutrina 807/94; e 10 de abril de 1995, recurso de casación para a unificación da doutrina 1223/94.

En calquera caso, estas funcións instrumentais desenvolvidas pola SEAGA por conta da Administración pública galega póñense en relación co criterio que distingue entre as dúas figuras contractuais que se acaban de mencionar –contrato temporal e indefinido de carácter discontinuo– e chégase á conclusión de que o recurso á primeira é indebido en casos como este. Isto é así porque mentres o contrato temporal está xustificando cando «a necesidade de traballo é, en principio, imprevisible e queda fóra de calquera ciclo de reiteración regular», o contrato indefinido de carácter discontinuo ten lugar «cando, con independencia da continuidade da actividade da empresa, se produce unha necesidade de traballo de carácter intermitente ou cíclico, é dicir, en intervalos temporais separados mais reiterados no tempo e dotados dunha certa homoxeneidade»<sup>5</sup>.

Ademais, esa delimitación entre unha ou outra modalidade de contratación laboral mantense tamén nos supostos en que unha administración pública é a empregadora, con exclusión dos argumentos relacionados coa existencia de partidas orzamentarias ou a variedade de convenios colectivos<sup>6</sup>.

Sobre estes parámetros xurídicos e os fácticos a que se fixo referencia na primeira epígrafe, o Tribunal Supremo estende ás empresas públicas a mesma solución aplicada sobre as administracións públicas, pois aínda que teñan forma de sociedade anónima serven para cumprir, realizar ou dar satisfacción a competencias exclusivas das comunidades autónomas.

**3.** A doutrina fixada por esta sentenza, e xa consolidada<sup>7</sup>, supuxo unha decidida aposta pola protección dos dereitos dun colectivo que destaca polas súas condicións precarias, ao pasaren de simples traballadores temporais por obra ou servizo determina-

<sup>5</sup> Véxanse as sentenzas do Tribunal Supremo do 1 de outubro de 2001, recurso de casación para a unificación da doutrina 2332/00; e 12 de decembro de 2008, recurso de casación para a unificación da doutrina 775/07.

<sup>6</sup> Véxanse as sentenzas do Tribunal Supremo do 8 de febreiro de 2007, recurso de casación para a unificación da doutrina 2501/05; 21 de xaneiro de 2009, recurso de casación para a unificación da doutrina 1627/08; 14 de xullo de 2009, recurso de casación para a unificación da doutrina 2811/08; e 15 de setembro de 2009, recurso de casación para a unificación da doutrina 4303/08.

<sup>7</sup> Xa se citaron os múltiples pronunciamentos do Tribunal Supremo e do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que o seguiron.

dos –co que iso significa canto á súa suxeición a certas veleidades– a indefinidos de carácter descontinuo, o que implica a súa falta de temporalidade e o chamamento todos os anos que se produza a convocatoria dos servizos. Porén, bótase de menos unha solución un pouco máis valente por parte do Tribunal Supremo, cun paso máis na súa liña xurisprudencial, tendo en conta que –na miña opinión– o razoamento carece dun estadio lóxico intermedio que non se deu ou, cando menos, non se formulou de xeito expreso.

Se nunha primeira etapa o SPDCIF era basicamente temporal e os traballadores contratados para prestaren os seus servizos nel tiñan tamén esa natureza, na segunda comeza a xermolar a idea de que eses servizos –prestados directamente polas comunidades autónomas– son indefinidos descontinuos coas consecuencias inherentes a iso; e nunha terceira, para evitar a atribución de responsabilidades laborais e sociais aos devanditos entes territoriais, créase unha empresa pública nacional, a famosa Empresa de Transformación Agraria SA ou, como é coñecida, Tragsa<sup>8</sup>, que asumiría a través de encomendas a prestación daqueles servizos, de maneira que só cando recibise unha encomenda (adxudicación) contrataría os traballadores con contratos de obra ou servizo determinados, e así se estivo asumindo polas diversas resolucións que se ditaron sobre a devandita empresa e as que en cada autonomía puideron substituíla<sup>9</sup>.

Así chegouse a unha cuarta etapa, a que representa a Sentenza do Tribunal Supremo do 22 de setembro de 2011, en que se establece que eses traballadores contratados polas empresas públicas autonómicas para servizos forestais non poden considerarse temporais, senón indefinidos descontinuos, polos motivos que se expresaron. Pois ben, situados nesa cuarta etapa, falta un paso lóxico, porque para a empresa que presta servizos (SEAGA) só pode entenderse a súa necesidade de man de obra de maneira temporal, dado que depende da encomenda realizada, de maneira que se esa non se fíxese, non tería que contratar uns traballadores que non precisaría, e cando a encomenda remata os asignados para cubrila sóbranlle.

<sup>8</sup> O Grupo Tragsa está formado por empresas de capital integramente público: Tragsa (Empresa de Transformación Agraria SA) e a súa filial Tragsatec (Tecnoloxías e Servizos Agrarios SA), e o seu réxime xurídico recóllese no Real decreto 1072/2010, do 20 de agosto, polo que se desenvolve o réxime xurídico da Empresa de Transformación Agraria Sociedade Anónima e das súas filiais. Para máis información pode consultarse o seu sitio web, co enderezo <<http://www.tragsa.es>>.

<sup>9</sup> En Galicia fíxoo a SEAGA, á cal se refire a sentenza que se comenta.

Coido que isto resulta facilmente comprensible, salvo que o que en realidade se estea a soste<sup>10</sup> sexa que estas empresas son ben prestatarias de man de obra das administracións públicas, ben uns entes interpostos que formalmente se sitúan entre os traballadores e as verdadeiras empresarias, as comunidade autónomas, o que habería de combaterse levantando o veo. Por iso entendo que o Tribunal Supremo, ao obviar esta cuestión, saltou á consecuencia aplicable á natureza do vínculo, eludiu o que é o miolo de todos estes servizos forestais e evitou atribuír a responsabilidade á comunidade autónoma contratante.

De feito, esta cuestión apúntase de esguello no quinto apartado do cuarto fundamento xurídico, ao diferenciar entre supostos en que a empresa pública era única para prestar o servizo na comunidade –caso presente– e outros en que existe outra empresa dedicada á mesma actividade ou se acode á contratación dunha empresa pública de ámbito estatal, sen vínculo, por tanto, de forma directa coa comunidade autónoma. Noutras palabras, cando a empresa pública sexa autonómica (100% do capital social) e única, os traballadores son indefinidos discontinuos, mais se se acode a empresas externas ou hai realmente competencia, non; logo, no primeiro caso asúmese que quen está realmente detrás da empresa de servizos é a administración pública autonómica, que emprega como pantalla aquela para realizar actividades propias da súa competencia.

<sup>10</sup> Pode verse un desenvolvemento completo sobre esta cuestión en DE CASTRO MEJUTO, L. F. (2009) «Criterios jurisprudenciales sobre el contrato de obra o servicio determinado y su valoración» *Anuario de la Facultad de Derecho de la Universidad de A Coruña* 13, pp. 74-75.